

A LEI DA VERDADE SOBRE A ELECCIÓN DOS SENADORES.
Publicado no xornal La Voz de Galicia
o 25 de marzo de 08

Tralas numerosas opinións, manifestacións e puntos de vista verquidos estes días en relación co proceso de elección de senadores en representación da nosa comunidade autónoma, ten chegado o momento de –coa cabeza fría e os datos sobre a mesa- analizar o proceso seguido ao amparo da normativa vixente.

Segundo establece a Constitución Española, no seu artigo 69.5, a representación terá que ser proporcional. Este mesmo concepto ven ratificado no noso Estatuto de Autonomía e no vixente regulamento do Parlamento de Galicia.

Proporcional non quere dicir, en ningún caso, que se teña que aplicar a Lei D'Hont; se así o quixera o lexislador estaría taxativamente contemplado na norma. Non somentes non o está, senón que incluso o propio Tribunal Constitucional en sentenza 4/1992, de 13 de xaneiro, establece que **non poderá ser obxecto de aplicación extensiva e analóxica a Lei D'Hont alí onde o precepto se refira sen máis e sen matices á proporcionalidade.**

Os cidadáns deste país faláron nas urnas hai algún tempo en Galicia e elixiron aos seus lexítimos representantes. Polo tanto, a maioría destes representantes decidiron nos órganos competentes –Mesa e Xunta de Portavoces- que a fórmula que garante a proporcionalidade que dicta a Constitución, o Estatuto, e a propia xurisprudencia do Tribunal Constitucional é a do maior resto.

Coa actual composición da Cámara -75 deputados- ao Partido Popular lle corresponde un coeficiente de proporcionalidade de 1,48, ao Partido Socialista un coeficiente de 1 e ao Bloque Nacionalista Galego de 0,52. Por tanto, despois de lle asignar un senador ao PP e outro ao PSOE, o terceiro en disputa lle corresponde ao BNG, porque 0,52 é máis que 0,48. Os números non engañan.

Ademais da normativa legal en vigor antes mencionada, hai que remitirse ás fontes parlametarias. Este mesmo método de proporcionalidade foi utilizado na designación dos anos 1993, 1996 e 2000.

A maioría do Partido Popular racha o consenso e cambia con nocturnidade e alevosía este criterio de reparto no ano 2004, furtándolle un senador ao Partido Socialista.

Os números non engañan e as actas do Parlamento tampouco.

Respectando a opinión de todo o mundo, máxime algunhas procedentes de notables doutores, hoxe no Parlamento de Galicia cumplíuse a lei, con

transparencia e garantindo a pluralidade democrática. No Parlamento de Galicia de hoxe non hai lugar para pillerías nin embudos.